

AÑO 2014

REGULAMENTO ELECTORAL

Para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada

**DA
FEDERACIÓN GALLEGA
DE
BILLAR**



Artigo 1. Obxecto da normativa

"En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno: Asamblea xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de BILLAR, con representatividade durante o período 2014 a 2018."

Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Galega de BILLAR procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: de 10 a 13 horas e de 16:30 a 19:30 horas.

Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de BILLAR será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algúns entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Unha vez aprobado o regulamento, será publicado na páxina Web da Federación e na da Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 58.6 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia.

Solicitase á Asemblea Xeral da Federación Galega de BILLAR, no caso que houbera que subsanar algúns deficiencias no mesmo regulamento electoral, que delegue e autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral (ANEXO III) incluirá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Entidades deportivas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Incluiranse os seguintes datos:



- a) Para os/as deportistas, adestradores e xuices/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuices/árbitros, o que a estos efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
- b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no *Rexistro de Entidades deportivas de Galicia*, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos dos clubs deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de BILLAR así como na páxina web www.fegabi.es.
 3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algúnh, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
 4. *Co fin de facilitar a participación e a integración na actividade deportiva da Federación, os candidatos proclamados a membros da asamblea xeral poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que componen cada estamento, cos datos de carácter persoal contidos na licenza federativa. No caso dos candidatos proclamados á Presidencia, poderán dispoñer do censo de persoas que conforman a asamblea xeral, cos mesmos datos de carácter persoal facilitados na licenza federativa.*
 5. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.

Artigo 5. Xunta electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.



2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
 - b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
 - c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
 - d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de BILLAR
 - e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conlleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obligatoria salvo causa xustificada.
5. Funcións da xunta electoral:
- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
 - b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
 - c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
 - d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
 - e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.
 - f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
 - g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
 - h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.
6. Con obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados, fíxase a cada compoñente da Xunta Electoral, unha indemnización de 10 euros, por cada reunión que celebren.

Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.

1. Constituirase unha **única mesa electoral** para a elección dos membros da asemblea no día fixado. O horario de apertura da mesa será o seguinte: de 10 a




18 horas. Ubicarase na Sede da Federación Galega de Billar, sita na rúa Luis Ksado, 17 – Of. 19 de VIGO. Celebrándose o sorteo para a elección dos componentes da Mesa Electoral ás 15,30 horas do día da sua constitución.

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obligatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

Así mesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establecécese como mesa para a recepcióndeste voto a de esta Federación sita na rúa Luis Ksado, 17 – Of. 19 de VIGO.
3. Son competencias da mesa electoral:
 - Comprobar a identidade dos votantes.
 - Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
 - Proceder á contaxe de votos.
 - Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.
4. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houbera, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.fegabi.es.
5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.
6. Con obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados, fixase a cada componente da Mesa Electoral, unha indemnización de 10 euros.




Artigo 7. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de BILLAR o día **30 de Xullo de 2014**, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web www.fegabi.es. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:
 - a) Regulamento electoral.
 - b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
 - c) Lugar de consulta dos censos electorais.
 - d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
 - e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.
4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes da desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

Artigo 8. Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:
 - a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:
 - Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
 - Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
 - Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.
 - b) No caso do estamento de *Entidades Deportivas*: aqueles clubs, que **no momento dá convocatoria dás eleccións, figuren coa licenza federativa en vigor** e que estén incritos no ano dá convocatoria no Rrexistro de Entidades deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estos efectos e, con carácter mínimo, **deberán de ter participado en catro competicións entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións**. Non será elixibles aqueles clubs que formen parte da **asamblea** na súa condición de membros natos.



2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral.

3. Os membros da federación que pertenzan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, será a seguinte:

Si figura nos estamentos de árbitros e xogadores integrarase no de Xogadores

Si figura nos estamentos de técnicos e xogadores integrarase no de Técnicos

Si figura nos estamentos de árbitros e técnicos integrarase no de Técnicos

Artigo 9. Composición da Asemblea xeral

1. O número de membros da asemblea xeral será de **14**, en aplicación do artigo 10, do presente regulamento electoral. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de clubs, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, as *entidades deportivas*, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuices.


4. No estamento de clubs haberá membros natos e membros electos.

5. A representación dos clubs corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidelizadamente mediante certificación da inscrición do *Registro de Entidades Deportivas de Galicia* na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

6. Non cabe representación das persoas físicas.

7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

8. A Federación galega de **BILLAR** axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).



Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral

1. A porcentaxe de cada estamento é:
 - a) Representantes de clubs: 60 %
 - b) Representantes de deportistas: 20 %
 - c) Representantes de xuices: 10 %
 - d) Representantes de adestradores: 10 %
2. A representación mínima do estamento de clubs na asemblea xeral da Federación Galega de BILLAR deberá ser **do 50% do censo definitivo de clubs**, incluíndo os membros natos.

En calquera caso todos os clubs deberán necesariamente cumplir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 desta regulamento.

3. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de clubs

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establecécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte:

Maior numero de Licenzas e Maior número de participación en Competicións oficiais.

Conforme o anterior baremo, son membros **natos** da asemblea as seguintes entidades deportivas:

- **Asociación Galega de Billar Pool**
- **Círculo das Artes**
- **C.C.R. de Chapela**

Por maior número de licenzas	Por maior número de actuacións
1.Club Asoc. Galega Billar Pool 2.Club .Círculo das Artes	1. Club (a elexir (corresponderfalle a A.G.P.)) 2. Club C.C.R. de Chapela

Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral



1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establecese un prazo de **3 días hábiles** a contar dende a publicación do censo definitivo.
2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndo-a pública na páxina web www.fegabi.es. Haberá un prazo de **2 días hábiles**, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.
3. *Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, nun prazo máximo de 2 días hábiles, procederase á proclamación definitiva de candidatos.*

Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario de 10 a 18 horas. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.
2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do *Registro de Entidades deportivas de Galicia* na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi eleixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:

As vacantes producidas na Asemblea Xeral, poderán ser cubertas por proposta do Presidente, mediante o proceso electoral establecido para designar os seus membros, sempre que as vacantes dun estamento existentes nese momento sexan superiores ao 25% dos representantes do mesmo.

Artigo 14. Voto por correo

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.



2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata **2 días hábiles** despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.
3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos **2 días hábiles** seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndolle aos solicitantes por correo certificado urgente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web www.fegabi.es.

4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urgente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:


Anverso:

Secretaría xeral para o deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de BILLAR

Reverso:

Nome e apelidos do remitente
Estamento de(indicar Estamento).....

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con **6 días hábiles** de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urgente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.



6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente

1. No prazo de **2 días hábiles** dende a proclamación definitiva de membros da Asamblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física que teña a condición política de galego, (*conforme ao establecido polo artigo 58.3 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia*), maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa e non se poderá simultanea a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o dito club.

Se algúm membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.


O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de ténboa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, mediante escrito dirixido á xunta electoral, facendo constar a condición de membro de pleno dereito da asemblea xeral.
3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web www.fegabi.es. Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de **2 días hábiles**. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo de **1 días hábiles**.


A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.

Artigo 16. Elección do presidente

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.
2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación das entidades deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.



3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
4. Os candidatos poderán expor os seus programas (se o estiman oportuno) procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.
5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
 - a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contem cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
 - b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
 - c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous más votados, no prazo de **30 minutos**, resultando elixido o que obteña maioría de votos.
7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantarán a oportuna acta.
8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate **procederase a unha segunda votación resultando elixido/a o/a que obteña maioría simple**. Esta segunda votación, efectuarase despois dos 30 minutos seguintes á finalización da primeira. **De persistir o empate, resultará elixido o de maior idade.**
9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.
11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.
12. Unha vez proclamado definitivamente o novo **presidente**, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de **5 días hábiles**, contados



dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte

13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Artigo 17. Elección de membros da comisión delegada

A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. De non completarse o número de membros establecido, completaranse mediante sufraxio de entre os restantes membros da Asemblea.

Poderán ser candidatos a membro da Comisión delegada os membros da Asamblea mediante escrito dirixido á xunta electoral, facendo constar a condición de membro da Asamblea xeral e manifestando expresamente a vontade de se presentar como candidato a membro da Comisión delegada, especificando o estamento polo que se presenta. O prazo será de tres días hábiles dende a proclamación definitiva dos membros que componen a asamblea. Se no prazo establecido para presentar candidaturas se presentase un número inferior aos postos a elixir, ditos candidatos quedarán automáticamente elixidos sen votación e poderán presentarse no acto da Asamblea outros candidatos que serán sometidos a votación entre os restantes membros da Asamblea. No caso de empate procederá a unha segunda votación entre os candidatos empatados, e se persiste o empate resolveráse por sorteo

O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será 8, respectándose, dentro do posible, a proporcionalidade da composición da Asemblea.

- Representantes de entidades deportivas: 4
- Representantes de deportistas: 2
- Representantes de xuices: 1
- Representantes de técnicos: 1

Artigo 18. Recurso ante a Xunta electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.


Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.



Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de **2 días hábiles**, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa. *Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.*
2. Os prazos de interposición do recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de **3 días hábiles** contados dende o seguinte ao da notificación da resolución ou acordo obxecto de recurso ou, se for o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada
 1. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:
 - a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
 - b) Se é ocaso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - c) Lexitimación para interpoñer o recurso
 - d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
 - e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensiós, así como as propostas de proba que ofrecan en relación con aquelas.
 - f) As pretensiós que deduzan de tales consideracións.
 - g) Lugar, data e sinatura.



Anexo I. Calendario electoral

8 xullo	Asemblea Xeral Extraordinaria. Aprobación do Regulamento electoral na Asemblea.
9 xullo	Preséntase á S.X.D. o Regulamento provisional electoral. Entrada no rexistro da SXD de Santiago de Compostela nesa data (Prazo de revisión máximo: 10 días).
21 de xullo	Remata o prazo da Secretaría Xeral para o Deporte para emendas ou aprobación do Regulamento electoral.
22 de xullo	Notificación da convocatoria á SXD e ás entidades deportivas (5 días hábiles de antelación á convocatoria).
30 de xullo	Convocatoria oficial de eleccións (Publicación nos taboleiros e WEB federativa). Publicación dos censos provisionais (Exposición pública do censo: mínimo 10 días hábiles). Início do prazo para reclamacións ao censo provisional (30 xullo-10 setembro). AGOSTO INHÁBIL Disolución da Xunta Directiva e transformación en Comisión Xestora. Constitución da Xunta Electoral. Início do prazo para solicitar o voto por correo.
30 xullo-10 setembro (agosto inhábil)	Prazo para presentar reclamacións ao censo provisional. AGOSTO INHÁBIL
10 setembro.	Fin do prazo para reclamacións ao censo.
16-setembro	Fin do prazo para Resolución pola xunta electoral das reclamacións ao censo provisional. Publicación do censo definitivo. Designación das mesas electorais. Inicio do prazo para presentar candidaturas á Asemblea Xeral.
18 setembro	Remata o prazo para solicitar o voto por correo (30 e 31 xullo -1-18 de setembro)
16-19 setembro	Prazo para presentación de candidatos á Asemblea xeral.
19 setembro	Publicación listas provisionais de candidatos á Asemblea xeral e sorteo para a eleccións dos membros das mesas electorais.
20 e 22 setembro	Prazos para presentar reclamacións de candidatos provisionais á Asemblea xeral. (2 días hábiles).
23 e 24 setembro	Prazo para resolución pola xunta electoral das reclamacións á candidatos á Asemblea xeral. (2 días hábiles)
24 setembro	Proclamación definitiva de candidatos.
26 setembro	Remata o prazo para remisión dos papeis de voto por correo (artigo 14 Regulamento) aos votantes autorizados.
3 outubro	Fin prazo para depositar os votos en correos.
11 outubro	ELECCIÓN A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR. Exposición das listas provisionais de membros electos.
13 e 14 outubro	Prazo de reclamacións de membros da Asemblea Xeral (Prazo: 2 días hábiles)
15 e 16 outubro	Prazo para a resolución de reclamacións de membros da Asemblea Xeral (2días hábiles)
16 outubro	Exposición da composición definitiva da Asemblea Xeral.
17 e 18 outubro	Prazo para presentación de candidatos a Presidente da Federación (2 días hábiles seguintes a proclamación definitiva dos membros da Asemblea).
18 outubro	Publicación da lista provisional de candidatos a Presidente da Federación
20 e 21 outubro	Prazo de reclamacións ás listas provisionais de candidatos a Presidente da Federación
22 outubro	Prazo de resolución das reclamacións ás listas provisionais de candidatos a Presidente da Federación (1día hábil: artigo 15.3 Regulamento).
23 outubro	Exposición da lista definitiva de candidatos a Presidente da Federación
31 outubro	ASAMBLEA EXTRAORDINARIA. ELECCIÓN DO PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BILLAR.
3-4 novembro	Prazo para reclamacións á elección do Presidente e Comisión Delegada da Federación.
5-6 novembro	Prazo para resolución pola Xunta electoral das reclamacións á elección do Presidente e Comisión Delegada da Federación.
6 novembro	Proclamación definitiva do Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Billar. Fin proceso electoral.



Anexo II. Modelos de sobres e papeletas



XUNTA
DE GALICIA DEPORTE
GALEGO

FEDERACION GALLEGA
DE BILLAR

PAPELETA DE VOTACIÓN

VOTO a:.....

XUNTA
DE GALICIA DEPORTE
GALEGO

FEDERACION GALLEGA
DE BILLAR

PAPELETA DE VOTACIÓN

VOTO a:.....

XUNTA
DE GALICIA DEPORTE
GALEGO

FEDERACION GALLEGA
DE BILLAR

VOTO a:.....
VOTO a:.....
VOTO a:.....
VOTO a:.....
VOTO a:.....
VOTO a:.....

XUNTA
DE GALICIA DEPORTE
GALEGO

FEDERACION GALLEGA
DE BILLAR

PAPELETA DE VOTACIÓN
Estamento de Deportistas

VOTO a:.....
VOTO a:.....
VOTO a:.....